

será designado e separado polo órgano competente da comunidade autónoma.

Para dar cumprimento ao disposto na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, o Consello da Xunta de Galicia acordou o 15 de setembro de 2005 facultar a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a designación e separación do presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa ría.

En consecuencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-O nomeamento de Jesús Paz Arias, como presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa ría.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2005.

María José Caride Estévez

Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Orde do 28 de setembro de 2005 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Federación Estatal de Sindicatos de Técnicos Superiores Sanitarios e pola Federación Estatal de Técnicos Especialistas Sanitarios no Sistema Nacional de Saúde, para os días 3 ao 6, 10 e 11, 17 ao 20 e do 24 ao 27 de outubro de 2005, durante as 24 horas do día.

Advertidos erros na Orde do 28 de setembro de 2005 da Consellería de Sanidade, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 189, do 30 de setembro de 2005, cómpre facer as seguintes correccións de erros:

Na páxina 16.204, no anexo I, onde di:

Centro: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Número de efectivos de servizos mínimos.

Categoría/servizo	Mañá	Tarde	Noite
Técnicos especialistas en laboratorio	10	6	6
Técnicos especialistas en radiodiagnose	5	4	3
Técnicos especialistas de radioterapia	3	4	
Técnicos especialistas en anatomía patolóxica	1		
Técnicos especialistas de medicina nuclear	1		

Debe dicir:

Centro: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Número de efectivos de servizos mínimos.

Categoría/servizo	Mañá	Tarde	Noite
Técnicos especialistas en laboratorio	12	6	6
Técnicos especialistas en radiodiagnose	5	4	3
Técnicos especialistas de radioterapia	3	4	
Técnicos especialistas en anatomía patolóxica	1		
Técnicos especialistas de medicina nuclear	1		

Resolución do 29 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel cualificado para a obtención do carné de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria (tratamentos DDD).

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, polo que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como, para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo lles comunicarán, aos organismos responsables na comunidade autónoma, a homologación dos ditos cursos, e no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que se vaia ter lugar.

En consecuencia, anúnciase a realización dun curso de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel cualificado, homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo e de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, solicitados polo centro de estudos Cacumen, de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso.

Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel cualificado.

2. Entidade organizadora.

Centro de estudos Cacumen.

3. Data.

Os días 11, 12, 18, 19, 25 e 26 de novembro e 2, 3, 16 e 17 de decembro de 2005.

4. Lugar de realización.

Cacumen. Concepción Arenal, 18-1º. 27004 Lugo.

5. Número de prazas.

Máximo 18 alumnos.

6. Dirixido a responsables técnicos de empresas de servizos de control de pragas.

7. Criterios de selección.

Por rigorosa orde de recepción de solicitude de inscrición.

8. Presentación de solicitudes.

Segundo o modelo do anexo.

9. Data límite para a presentación de solicitudes.

Ata o 7 de novembro de 2005.

10. Programa.

11-11-2005	16.00-21.00 h	Introdución. Praguicidas I.
12-11-2005	10.00-14.00 h	Praguicidas (II).
	16.00-20.00 h	Manipulación: formulacións e preparacións.
18-11-2005	16.00-21.00 h	Pragas específicas (I).
19-11-2005	10.00-14.00 h	Pragas específicas (II).
	16.00-20.00 h	Pragas específicas (III).
25-11-2005	16.00-21.00 h	Aplicación de raticidas (ratos e ratas), insecticidas e acaricidas.

26-11-2005	10.00-14.00 h	Desinfección. Produtos utilizados. Técnicas de desinfección.
	16.00-20.00 h	Aplicación de técnicas de desinfección.
2-12-2005	16.00-19.00 h	Exercicios prácticos.
	19.00-21.00 h	Praguicidas e ambiente (I).
3-12-2005	10.00-14.00 h	Praguicidas e ambiente (II).
	16.00-20.00 h	Precaucións e normas de seguridade (I).
16-12-2005	10.00-21.00 h	Precaucións e normas de seguridade (II).
17-12-2005	10.00-13.00 h	Exercicios prácticos.
	13.00-14.00 h	Avaliación.

11. Certificado de superación do curso.

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Finalizado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polos alumnos e, en caso de superalas, expedirá o certificado correspondente co que poderá solicitar da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade o carné de aplicador/manipulador de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria, nivel cualificado.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2005.

Ramón Medina González-Redondo
Director xeral de Sanidade

ANEXO

FICHA DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

CURSO PARA A CAPACITACIÓN DE APLICADORES DE PRAGUICIDAS DE USO AMBIENTAL E USO NA INDUSTRIA ALIMENTARIA, NIVEL CUALIFICADO.

Entidade organizadora: centro de estudos Cacumen.
 Datas: 11, 12, 18, 19, 25 e 26 de novembro e 2, 3, 16 e 17 de decembro de 2005.
 Lugar de realización: centro de estudos Cacumen. Concepción Arenal, 18-1º. Lugo.
 Duración: 60 horas teórico/prácticas e 1 hora proba avaliación.
 Nº máximo de alumnos: 18.
 Prezo: 290 euros por alumno, pagados mediante xustificante de ingreso (Banesto nº cta. 0030-6046-41-0387862273).
 Inscrición: enviar boletín de solicitude a Cacumen. R/ Concepción Arenal, 18-1º. 27004 Lugo. Teléfono: 982 24 39 44. Fax: 982 28 41 61
 cacumen@cacumenlugo.com xunto co xustificante de pagamento antes do 7 de novembro. As inscricións realizaranse por rigorosa orde de chegada (solicitude + xustificante de pagamento).

EMPRESA: _____ CIF: _____

ENDEREZO: _____ CP: _____

LOCALIDADE: _____ PROVINCIA: _____

TÉLEFONO: _____ FAX: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

APELIDOS, NOME	NIF

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 7 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, das sentenzas ditadas pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e pola Sala do Social do Tribunal Supremo, relativas á impugnación do convenio colectivo da empresa Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A. (Audasa).

Vista a sentenza do recurso suplicación 7/2004 da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e a sentenza do recurso de casación 131/2004 da Sala do Social do Tribunal Supremo, sobre a impugnación do convenio colectivo da empresa *Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.* (Audasa), e en cumprimento do Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición das referidas sentenzas no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2005.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Sentenza recurso suplicación 7/2004 do Tribunal Superior Xustiza de Galicia.

Sentenza recurso casación 131/2004 da Sala do Social do Tribunal Supremo.

María Asunción Barrio Calle, secretaria da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Certifico que no recurso de suplicación de que logo se fará mención, esta sala ditou a seguinte resolución:

Recurso número 0007/2004.

Antonio J. Outeiriño Fuente.

Presidente

José Elías López Paz.

Luis de Castro Mejuto.

A Coruña o dezoito de xuño de dous mil catro.

A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, composta polos maxistrados citados á marxe e en nome de El-Rei ditou a seguinte sentenza:

Nos autos número 0007/2004 seguidos por instancia da *Confederación Intersindical Galega-CIG*, representada por Salustiano Guerra García e José Rodríguez Rodríguez, asistidos polo letrado José Luis Muruzábal Arlegui, polo Ministerio Fiscal comparece José Ramón Piñol e polas demandadas empresa *Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.* Audasa comparece Ramón Codesido Romero e asistido do letrado Luis Lago Pérez de Lanzós, polo *Comité Intercentros* comparecen: Juan José Alonso Rouco, Luis Manuel Álvarez Lamas, M^a Soledad Benayas Cardesin, e non comparecen pese a estar e constar citados Abilio Jesús Oliveira Fernández e M^a del Carmen Pan Lojo, por *Comisións Obreiras* comparece na súa representación o letrado Xosé Ramón Pérez Domínguez e non comparece pese a estar e constar citada en legal forma a *Unión Xeral de Traballadores* (UGT), sendo o obxecto da reclamación impugnación de convenio colectivo.

Antecedentes de feito:

Único.-O 6 de abril de 2004 presentou demanda ante esta sala Salustiano Guerra García actuando en nome e representación da *Confederación Intersindical Galega*, fronte os demandados xa mencionados por providencia do 14-4-2004, admitiuse a trámite, convocando as partes aos actos de conciliación e xuízo para o 13 de maio de 2004, e con data 4 de maio deste ano Amador Durán Núñez e Abilio Jesús Oliveira Fernández presentaron escrito solicitando a suspensión dos devanditos actos por razóns de enfermidade, acordándose por providencia do 6-5-2004 a devandita suspensión, efectuándose un novo sinalamento para o 10-6-2004, para cuxa data foron convocadas as partes. A parte demandante afirma e ratifícase na demanda e as demandas opuxéronse a ela polos motivos que constan acreditados nos autos, recibido o xuízo a proba, as partes de propuxeron documental, e declarada pertinente uníronse os documentos aos autos achegados para tal fin, seguidamente as partes fixeron uso da palabra para conclusións, insistindo nas súas peticións respectivas quedando o xuízo visto para os efectos de votación e resolución.

Na tramitación deste xuízo observáronse as prescricións legais. Sendo relator José Elías López Paz.

De todo o actuado en xuízo decláranse probados:

Feitos probados:

1. Con data 16 de abril de 2002 publicouse, no *Diario Oficial de Galicia*, resolución da Dirección Xeral de Relación Laborais da Xunta de Galicia, pola cal se dispoñía a inscrición no correspondente rexistro e a publicación no citado diario oficial do convenio colectivo da empresa *Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.* (Audasa).

2. O ámbito temporal do citado convenio establécese no artigo 4º, fixando os seus efectos desde o 1º de xaneiro de 2001 e estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2004.